

## **SUBGRUPO A1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

### **TEMA 3- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público**

1. Segundo o artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei ten por obxecto:

- a) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración xeral do Estado e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
- b) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración autonómica e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
- c) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración local e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.

2. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ¿cal dos seguintes principios deberán respectar na súa actuación e relacións as administracións públicas?:

- a) Servizo eficiente aos cidadáns.
- b) Planificación e dirección por resultados e control da xestión e avaliación dos medios das políticas públicas.
- c) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

3. Segundo o artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para que unha unidade administrativa teña a consideración de órgano administrativo deberá:

- a) Ter atribuídas funcións que non teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.
- b) Ter atribuídas funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.
- c) Ter atribuídas funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación non teña carácter preceptivo.

4. Segundo o artigo 7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os servizos da Administración activa que prestan asistencia xurídica aos órganos consultivos:

- a) Poderán estar suxeitos a dependencia xerárquica, xa sexa orgánica ou funcional, dos órganos que elaboren as disposicións ou produzan os actos obxecto de consulta.
- b) Non poderán estar suxeitos a dependencia xerárquica orgánica, aínda que si funcional, nin recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaboren as disposicións ou produzan os actos obxecto de consulta.
- c) Non poderán estar suxeitos a dependencia xerárquica, xa sexa orgánica ou funcional, nin recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaboren as disposicións ou produzan os actos obxecto de consulta.



### SUBGRUPO A1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO

5. Segundo o artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as delegacións de competencias e a súa revogación deberán:

- a) Publicarse no *Boletín Oficial do Estado* e no da comunidade autónoma, segundo a Administración a que pertenza o órgano delegado e o ámbito territorial de competencia deste.
- b) Publicarse no *Boletín Oficial do Estado*, no da comunidade autónoma ou no da provincia, segundo a Administración a que pertenza o órgano delegante e o ámbito territorial de competencia deste.
- c) Publicarse en todo caso no *Boletín Oficial do Estado*, no da comunidade autónoma ou no da provincia, segundo a Administración a que pertenza o órgano delegante e o ámbito funcional de competencia deste.

6. Segundo o artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nunha encomenda de xestión, a entidade ou órgano encomendado terá, en todo caso:

- a) A condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- b) A condición de responsable do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- c) A condición de delegado de protección de datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.

7. Segundo o artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a delegación de sinatura:

- a) Alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez será necesaria a súa publicación.
- b) Non alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez será necesaria a súa publicación.
- c) Non alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez non será necesaria a súa publicación.

8. Segundo o artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas resolucións e actos que se diten mediante suplencia:

- a) Farase constar esta circunstancia e especificarase o titular do órgano en cuxa suplencia se adoptan e quen efectivamente está a exercer esta suplencia.
- b) Non é necesario facer constar esta circunstancia nin especificar o titular do órgano en cuxa suplencia se adoptan, pero si quen efectivamente está a exercer esta suplencia.
- c) Non é necesario facer constar esta circunstancia e especificarase o titular do órgano en cuxa suplencia se adoptan, pero non quen efectivamente está a exercer esta suplencia.

9. Segundo o artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os conflitos de atribucións só poderán suscitarse:

- a) Entre órganos dunha mesma Administración relacionados xerarquicamente e respecto a asuntos sobre os que finalizase o procedemento administrativo.
- b) Entre órganos dunha mesma Administración non relacionados xerarquicamente e respecto a asuntos sobre os que non finalizase o procedemento administrativo.
- c) Entre órganos de distinta Administración non relacionados xerarquicamente e respecto a asuntos sobre os que non finalizase o procedemento administrativo.



### **SUBGRUPO A1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

10. Segundo o artigo 15 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o acordo de creación e as normas de funcionamento dos órganos colexiados deberán ser publicados no boletín ou diario oficial da Administración pública en que se integran:

- a) Cando estes órganos non diten resolucións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- b) Cando estes órganos sexan consultivos e diten resolucións que teñan efectos xurídicos sobre outros órganos administrativos.
- c) Cando estes órganos diten resolucións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.

11. Segundo o artigo 16 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos colexiados terán un secretario que poderá ser:

- a) Un membro do propio órgano ou unha persoa ao servizo da Administración pública correspondente.
- b) Un membro do propio órgano en todo caso.
- c) Unha persoa ao servizo da Administración pública correspondente en todo caso.

12. Segundo o artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a válida constitución dun órgano colexiado, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia:

- a) Presencial en todo caso do presidente e do secretario ou, se é o caso, de quen os supla, e presencial ou a distancia e a da metade, polo menos, dos seus membros.
- b) Presencial ou a distancia do presidente e do secretario ou, se é o caso, de quen os supla, e a da metade, polo menos, dos seus membros.
- c) Presencial ou a distancia do presidente e do secretario ou, se é o caso, de quen os supla, e a da maioría absoluta, polo menos, dos seus membros.

13. Segundo o artigo 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a acta de cada sesión dun órgano colexiado:

- a) Poderá aprobarse na mesma reunión ou na inmediata seguinte.
- b) Nunca poderá aprobarse na mesma reunión, só na inmediata seguinte.
- c) Só poderá aprobarse na mesma reunión se se redacta e asina no día da reunión.

14. Segundo o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as autoridades ao servizo das administracións absteranse de intervir no procedemento:

- a) Por ter parentesco de consanguinidade en calquera grao ou de afinidade dentro do segundo con calquera dos interesados.
- b) Por ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do terceiro con calquera dos interesados.
- c) Por ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo con calquera dos interesados.

15. Segundo o artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o recusado nun procedemento administrativo manifestará ao seu inmediato superior se se dá ou non nel a causa alegada:

- a) No día seguinte.
- b) Nos dous días seguintes.
- c) Nos tres días seguintes.



### **SUBGRUPO A1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

16. Segundo o artigo 25 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións sobre potestade sancionadora serán extensivas ao exercicio polas administracións públicas da súa potestade disciplinaria respecto de:

- a) Persoal ao seu servizo, só cando a natureza xurídica da relación de emprego sexa funcional.
- b) Persoal ao seu servizo, só cando a natureza xurídica da relación de emprego sexa laboral.
- c) Persoal ao seu servizo, calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego.

17. Segundo o artigo 26 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo en canto favorezan ao presunto infractor ou ao infractor:

- a) No referido á tipificación da infracción, pero non á sanción e aos seus prazos de prescrición.
- b) No referido á tipificación da infracción, así como á sanción e aos seus prazos de prescrición.
- c) No referido á sanción da infracción, pero non á tipificación ou aos seus prazos de prescrición.

18. Segundo o artigo 27 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións regulamentarias de desenvolvemento dunha lei que prevexan infraccións poderán:

- a) Introducir especificacións ou gradacións ao cadro das infraccións ou sancións establecidas legalmente.
- b) Introducir especificacións ou gradacións ao cadro das infraccións, pero non ás sancións establecidas legalmente.
- c) Non poderán introducir especificacións ou gradacións ao cadro das infraccións ou sancións establecidas legalmente.

19. Segundo o artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando se exceptúa a responsabilidade solidaria no procedemento sancionador respecto da obriga de varias persoas polas sancións que se impoñan?:

- a) Cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible individualizala na resolución en función do grao de participación de cada responsable.
- b) Cando a sanción sexa en especie e sexa posible individualizala na resolución en función do grao de participación de cada responsable.
- c) Cando a sanción sexa leve e sexa posible individualizala na resolución en función do grao de participación de cada responsable.

20. Segundo o artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a aplicación da reincidencia á hora de determinar a gradación da sanción administrativa requírese:

- a) A comisión no termo de dous anos de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.
- b) A comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza que aínda non fose declarado por resolución firme en vía administrativa.
- c) A comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

21. Segundo o artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as infraccións moi graves prescribirán:

- a) Segundo o disposto nas leis que as establezan.
- b) En calquera caso aos tres anos.
- c) En calquera caso aos dous anos.



### **SUBGRUPO A1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

22. Segundo o artigo 31 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poderán sancionarse os feitos que o foran penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie:

- a) Identidade do suxeito, feito e sanción.
- b) Identidade do suxeito, feito e fundamento.
- c) Identidade do suxeito, sanción e fundamento.

23. Segundo o artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en relación coa responsabilidade patrimonial das administracións públicas, o dano alegado haberá de ser:

- a) Efectivo, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.
- b) Posible, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.
- c) Efectivo, monetario e individualizado con relación a unha persoa, pero non a grupos de persoas.

24. Segundo o artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando a responsabilidade de varias administracións na produción do dano se derive da xestión por medio de fórmulas conxuntas de actuación:

- a) A responsabilidade fixarase para cada Administración atendendo aos criterios de competencia, interese público tutelado e intensidade da intervención.
- b) A responsabilidade fixarase para cada Administración atendendo aos criterios de financiamento da intervención.
- c) As Administracións intervenientes responderán fronte ao particular, en todo caso, de forma solidaria.

25. Segundo o artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para o cálculo da indemnización por responsabilidade patrimonial das administracións públicas nos casos de morte ou lesións corporais:

- a) Tomarase como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de seguros obrigatorios e da Seguridade Social.
- b) Poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de seguros obrigatorios e da Seguridade Social.
- c) Tomarase como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de mutualidades e da Seguridade Social.

26. Segundo o artigo 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para facer efectiva a responsabilidade patrimonial a que se refire esta lei, os particulares:

- a) Esixirán directamente á Administración pública correspondente as indemnizacións polos danos e perdas causados polas autoridades e persoal ao seu servizo.
- b) Esixirán conxuntamente á Administración pública correspondente e ás autoridades e persoal ao seu servizo as indemnizacións polos danos e perdas causados por estes.
- c) Esixirán directamente á Administración pública correspondente as indemnizacións polos danos e perdas causados polo persoal ao seu servizo, pero non polas súas autoridades, que deberán ser esixidas por separado.

### **SUBGRUPO A1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

27. Segundo o artigo 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no procedemento para a esixencia da responsabilidade ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas constará, polo menos, un prazo de alegacións por:

- a) Dez días.
- b) Quince días.
- c) Vinte días.

28. Segundo o artigo 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a esixencia de responsabilidade penal do persoal ao servizo das administracións públicas:

- a) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos feitos na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.
- b) Suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan.
- c) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos fundamentos de dereito na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.

29. Segundo o artigo 39 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, o punto de acceso electrónico cuxa titularidade corresponda a unha Administración pública que permite o acceso a través de Internet á información publicada e, se é o caso, á sede electrónica correspondente é:

- a) A sede electrónica.
- b) O punto de acceso virtual.
- c) O portal de Internet.

30. Segundo o artigo 38 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o establecemento dunha sede electrónica implica a responsabilidade do titular respecto a:

- a) A integridade da información, pero non dos servizos aos que poida accederse a través desta.
- b) A veracidade dos servizos aos que poida accederse a través desta, pero non da información.
- c) A veracidade e a actualización da información e dos servizos aos que poida accederse a través desta.

31. Segundo o artigo 40 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, deberá ser pública e accesible por medios electrónicos a relación de selos electrónicos utilizados por cada Administración pública, o que inclúe:

- a) As características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden.
- b) Os prestadores que os expiden, pero non as características dos certificados electrónicos.
- c) As características dos certificados electrónicos, pero non os prestadores que os expiden.

32. Segundo o artigo 41 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñese de forma directa un empregado público é:

- a) Unha actuación administrativa automatizada.
- b) Unha actuación administrativa electrónica.
- c) Unha actuación administrativa nula.



### **SUBGRUPO A1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

33. Segundo o artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, nos supostos de utilización de sinatura electrónica mediante o sistema de código seguro de verificación, a Administración pública deberá permitir, en todo caso:

- a) A comprobación das especificacións de programación do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.
- b) A comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.
- c) A comprobación da autenticidade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.

34. Segundo o artigo 43 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os sistemas de sinatura electrónica que debe utilizar o persoal de cada Administración pública:

- a) Deberán identificar de forma conxunta o titular do posto de traballo ou cargo e a Administración ou órgano na que presta os seus servizos.
- b) Poderán identificar de forma conxunta o titular do posto de traballo ou cargo e a autoridade competente para a certificación da sinatura electrónica.
- c) Poderán identificar de forma conxunta o titular do posto de traballo ou cargo e a Administración ou órgano na que presta os seus servizos.

35. Segundo o artigo 44 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no intercambio electrónico de datos en contornas pechadas de comunicación, cando os participantes pertencen a distintas administracións, as condicións e garantías polas que se rexerá este intercambio estableceranse mediante:

- a) Orde ministerial.
- b) Regulamento da Administración do Estado.
- c) Convenio suscrito entre aquelas.

36. Segundo o artigo 46 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os medios ou soportes en que se almacenen documentos electrónicos, deberán contar con medidas de seguridade, de acordo co previsto no:

- a) Esquema Nacional de Seguridade.
- b) Esquema Nacional de Interoperabilidade.
- c) Esquema Nacional de Accesibilidade.

37. Segundo o artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas entre si para un fin común denomínanse:

- a) Instrucións.
- b) Convenios.
- c) Protocolos.

38. Segundo o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os convenios suscritos pola Administración xeral do Estado resultarán eficaces:

- a) Pola prestación do consentimento das partes.
- b) Unha vez inscritos no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, e publicados no *Boletín Oficial do Estado*.
- c) Pola súa publicación no boletín oficial da comunidade autónoma ou da provincia que corresponda á outra Administración asinante.

**SUBGRUPO A1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

39. O artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, respecto do prazo de vixencia dos convenios administrativos, establece que:

- a) Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevexa un prazo superior.
- b) Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a cinco anos, salvo que normativamente se prevexa un prazo superior.
- c) Os convenios deberán ter unha duración indeterminada.

40. Segundo o artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é causa de resolución dos convenios:

- a) O acordo unilateral da Administración pública asinante.
- b) Por decisión administrativa da anulabilidade do convenio.
- c) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.

41. Segundo o artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, será necesario que na memoria que acompañe o convenio se analice:

- a) A súa necesidade e oportunidade.
- b) O seu impacto lexislativo.
- c) O carácter non contractual da competencia exercida.

42. Segundo o artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a liquidación á que dá lugar o cumprimento e a resolución dos convenios terá como obxecto:

- a) Determinar a eficacia e a eficiencia no cumprimento das obrigacións e compromisos de cada unha das partes.
- b) Determinar as obrigacións e compromisos de cada unha das partes.
- c) Determinar as obrigacións e compromisos das administracións públicas intervenientes, pero non dos entes privados.

43. Segundo o artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que convenios deberán remitirse electronicamente ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma, segundo corresponda?:

- a) Calquera convenio cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros.
- b) Calquera convenio cuxos compromisos económicos asumidos superen os 300.000 euros.
- c) Calquera convenio cuxos compromisos económicos asumidos superen os 100.000 euros.

44. Segundo o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, considérase sector público ao que lle resulta aplicable esta lei:

- a) O sector público institucional.
- b) Os entes constitucionais.
- c) O sector público consultivo.

45. Segundo o artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando comezará a contarse o prazo de prescrición das infraccións?:

- a) Desde o día en que a infracción se coñeceu.
- b) Desde o día en que a infracción se cometeu.
- c) Desde o día en que a infracción se denunciou.



**SUBGRUPO A1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

46. Segundo o artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, interromperá a prescrición:

- a) A resolución, con coñecemento do interesado, dun procedemento administrativo de natureza sancionadora.
- b) A proposta de resolución, con coñecemento do interesado, dun procedemento administrativo de natureza sancionadora.
- c) A iniciación, con coñecemento do interesado, dun procedemento administrativo de natureza sancionadora.

47. Segundo o artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o dereito dos particulares a ser indemnizados polas administracións de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que esta lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, non procederá:

- a) Nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei.
- b) Nos casos de forza maior, caso fortuíto ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei.
- c) Nos casos de forza maior, caso fortuíto ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo cunha relación xurídica de carácter especial.

48. Segundo o artigo 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no procedemento para a esixencia da responsabilidade ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas constará, polo menos:

- a) Un prazo de alegacións por dez días.
- b) Audiencia durante un prazo de dez días.
- c) Resolución polo órgano competente no prazo de dez días.

49. Segundo o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a sustentabilidade financeira dos convenios que inclúan compromisos financeiros significa que:

- a) Quen os subscriba ten capacidade para financiar os compromisos asumidos durante o primeiro ano de vixencia do convenio.
- b) Quen os subscriba ten capacidade para financiar os compromisos asumidos ao finalizar a vixencia do convenio.
- c) Quen os subscriba ten capacidade para financiar os compromisos asumidos durante a vixencia do convenio.

50. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas relacionaranse entre si:

- a) A través de medios electrónicos que aseguren a comunicación.
- b) A través de oficios e resolucións que aseguren a seguridade das resolucións adoptadas por cada unha delas.
- c) A través de medios electrónicos que aseguren a interoperabilidade e a seguridade dos sistemas e solucións adoptadas por cada unha delas.



### **SUBGRUPO A1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

51. Segundo o artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a creación dun novo órgano administrativo só terá lugar logo da comprobación de que:

- a) Non existe outro na mesma Administración pública que desenvolva igual función sobre o mesmo territorio e poboación.
- b) Non existe outro noutra Administración pública que desenvolva igual función sobre o mesmo territorio e poboación.
- c) Non existe outro na mesma Administración pública que desenvolva igual función sobre outro territorio e poboación.